

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Xoán 6, 30-35

Naquel tempo, díxolle a multitude a Xesús:

– «¿Que sinal fas, para que véndoo creamos en ti? ¿Que podes facer? Os nosos pais comeron o maná no deserto, conforme está escrito: “Deulles a comer pan do ceo.”».

Entón díxolles Xesús:

– «Con toda verdade volo aseguro: non foi Moisés quen vos deu o pan do ceo; meu Pai é quen vos dá o verdadeiro pan do ceo: pois o pan de Deus é o que baixa do ceo e que lle dá vida ó mundo».

Dixéronlle entón:

– «Señor, dános sempre dese pan».

Xesús respondeulles:

– «Eu son o pan da vida: quen vén onda min non pasará fame e quen cre en min endexamais terá sede».